



## **BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE PERSOAL DE LIMPEZA E MANTEMENTO XERAL DENTRO DO PROXECTO “TR350E 2025 CONTRATACIÓN PERSOAS INSCRITAS NO SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL”**

Proxecto subvencionado o abeiro da orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola unión europea no marco do programa FSE+ GALICIA 2021 - 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento TR350E, (DOG nº160, venres, 22 de agosto de 2025).

### **PRIMEIRO-. Obxecto da convocatoria.**

É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal de 1 (un) traballador como peón (grupo cotización 10) para o desenvolvemento da obra/servizo TR350E 2025 CONTRATACIÓN PERSOAS INSCRITAS NO SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL.

Segundo establece o artigo 29 da orde de convocatoria, o Concello de Cee debe contratar persoas mozas desempregadas, inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a través da presentación da oferta de emprego na correspondente oficina pública de emprego de Galicia, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas mozas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, deberá presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO) a 4 díxitos. A oferta na súa formulación non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación.

Ademais segundo o artigo 29.7 da citada orde establece o seguinte:

“Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas mozas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas; As persoas mozas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa”.

### **SEGUNDO-. Modalidade e duración do contrato.**

Estas bases regulan o proceso de selección mediante concurso-oposición, para contratar con carácter laboral temporal de duración determinada:

- PERSOAL DE LIMPEZA E MANTEMENTO XERAL.

Duración do contrato: 9 meses

Xornada laboral: completa

Categoría profesional : peón

Grupo de cotización 10



código de ocupación G.(CNO 9490)

Visto o establecido no Artigo 30. Contratación das persoas traballadoras da convocatoria:

1. *Efectuada a selección das persoas traballadoras na forma prevista no artigo anterior, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego...*

a contratación realizarase a través da modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, a tempo completo por un período de nove meses.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

### **TERCEIRO-. Retribucións**

As retribucións son as establecidas conforme ao convenio colectivo de PERSOAL LABORAL CONCELLO CEE, publicado no BOE/DOG , de 28 / 10 / 2002, e modificación publicada no Boletín Oficial da Coruña número 259 de 10/11/2008 (táboas salariais 2009 e 2010) así como modificacións/actualización posteriores establecidas pola normativa.

### **CUARTO-. Funcións**

Este servizo créase ó amparo da comunicación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, en relación o expediente TR350E2025-000000059 pola que se concede unha subvención para a contratación de un traballador o abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento TR350E, (DOG nº160, venres, 22 de agosto de 2025)

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as son as propias da categoría de peón en labores de mantemento xeral.

### **QUINTO-. Requisitos dos aspirantes.**

Para participar no proceso selectivo os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán mantelos durante todo o proceso:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.
- b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas obxecto do presente contrato.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro



Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- d) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/84 de 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Adicionalmente, a orde con cargo a que se financia esta actuación require (art. 29) que as persoas mozas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán cumprir, en todo caso, os requisitos seguintes no momento da selección e da formalización do contrato de traballo.

- e) Ter feitos os 18 anos e non superar os 29 anos, idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- f) Ser desempregadas e estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- g) Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia
- h) Ademais, para ser beneficiarias desta medida, as persoas mozas deberán constar como inscritas e beneficiarias no ficheiro do SNGX, así como cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.
- i) No suposto de estar exento de realizar a proba de galego. Acreditación de estar en posesión do CELGA 1 ou ter superado o curso de coñecementos en lingua galega de nivel equivalente.

### **SEXTO: Presentación de instancias.**

O proceso selectivo realizarase mediante a presentación de oferta de emprego na oficina do Servizo Público de emprego de Cee, nos termos establecidos no artigo 40 da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento TR350E, (DOG nº160, venres, 22 de agosto de 2025)

“Os organismos intermedios beneficiarios da subvención poderán solicitar as persoas mozas traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na correspondente oficina pública de emprego de Galicia, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas mozas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados. Deberase presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO)



a 4 díxitos. A oferta na súa formulación non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación, ...”

Unha vez recibida a lista cos candidatos seleccionados pola Oficina de emprego, procederase á publicación da mesma no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal, e os devanditos candidatos disporán dun prazo máximo de **3 días hábiles** a contar dende o día seguinte á data de publicación, para presentar solicitude de participación no proceso selectivo nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.

As instancias dirixiranse á Alcaldesa do Concello de Cee e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de 9 a 13.30 horas, situado na rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee, A Coruña, na Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/>) ou na forma prevista nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## Documentación

Os aspirantes ó posto deberán aportar a seguinte documentación.

### a) Obrigatoriamente

- Solicitude nos modelos normalizados que figuran como anexos a estas bases.
- Acreditación de ser desempleado inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.
- Acreditación de estar inscrito no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.
- No suposto de acreditar estar exento de realizar a proba de galego. Acreditación de estar en posesión do CELGA 1 ou ter superado o curso de coñecementos en lingua galega de nivel equivalente.

### b) Voluntariamente

A presentación de documentación acreditativa dos aspectos a valorar na fase de concurso é voluntaria por parte do aspirante. En todo caso, non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias. De non presentarse documentación acreditativa dos méritos a valorar a puntuación na fase de concurso será de 0 pts.

Segundo establece o artigo 28.3 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a documentación poderá aportarse en copia simple. En caso de que dita documentación xa obrase en poder da administración poderá solicitarse que se faga uso da mesma, indicando na solicitude en que momento e ante que órgano administrativo se presentou dita documentación.

Unha vez realizada a selección, os aspirantes seleccionados deberán aportar en orixinal ou copia compulsada toda a documentación obxecto de valoración no proceso.

### SÉTIMO: Admisión de candidatos.



Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.

Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de **3 días hábiles** contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen á omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do procedemento.

Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación dos membros do tribunal e o lugar, data e hora do comezo do proceso de selección.

No caso de que as solicitudes non deran lugar á subsanación a resolución da Alcaldía aprobará xa a lista definitiva de aspirantes admitidos sen prexuízo de que contra a mesma se poderán interpoñer os recursos procedentes en dereito.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora dalgunha das probas a realizar, a modificación publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.

**OITAVO: Tribunal Cualificador.**

1-. O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía (titular e suplente).

Secretario/a: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía, que actuará con voz e sen voto (titular e suplente).

Vogais: Tres empregados/as públicos a designar pola Alcaldía (titulares e suplentes).

Presidente	Angelina Blanco Rial
Suplente Presidente	Rocío Hermida Cancela
Secretario	Juan Carlos Santabaya Louzán
Suplente Secretario	Francisco Javier Landeira Rial
1º Vogal	Manuel Calo Canosa
Suplente 1º Vogal	Rosa María Fernández Canosa



2º Vogal	Alberto Trillo Prado
Suplente 2º Vogal	Rosa Ana García Fernández
3º Vogal	Rosario Paz Rey
Suplente 3º Vogal	Jesús Roget Salgado

Os seus integrantes deberán ser funcionarios/as ou persoal laboral fixo ó servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza.

2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 36.4/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A pertenza aos órganos de selección realizarase a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

3. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, dos seus suplentes, e da metade, polo menos, dos seus membros.

4. O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5. A composición dos tribunais será predominantemente técnica, non formará parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

6. O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

7. Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos.

#### **NOVENO: Probas selectivas e sistema de cualificación.**

O sistema de selección será o de concurso-oposición. Valoraranse unicamente os méritos debidamente acreditados polos aspirantes en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias.

Os aspirantes deberán acudir as probas provistos do DNI nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impedira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal.

#### **Fase.- Concurso.**



O Tribunal reunirse en sesión non pública a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración farase público, mediante a exposición no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.

A puntuación máxima total establécese en catro puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran no parágrafo seguinte, cos límites que se sinalan para cada un deles.

Serán méritos a valorar nesta fase:

1) Cursos de formación. Máximo 2 puntos.

Cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente tal homologación para que poidan ser valorados).

- Outorgarase 0,01 puntos por cada hora de formación acreditada.

A acreditación dos cursos realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración, colexios profesionais e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

2) Pertenza a colectivos con especiais dificultades de inserción. Máximo 2 puntos.

Outorgarase 0,4 puntos pola pertenza a algún dos colectivos preferentes establecidos no Artigo 14. Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras, punto 5º da orde de convocatoria.

- Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
- Persoas desempregadas mozas que participasen nos últimos 3 anos (2023-2024-2025) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (código de procedemento TR353B).
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Persoas trans

COLECTIVO	DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA
Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social	Informe de servizos sociais.
Persoas desempregadas mozas que participasen nos últimos 3 anos en programas de emprego (TR353B)	
Persoas paradas de longa duración.	Informe de períodos de inscrición emitido pola oficina de emprego.
Persoas con discapacidade.	Non se necesita aportar documentación. Autorízase á consulta.
Persoas trans	Documentación acreditativa que o xustifique.

Coa presentación da solicitude (Anexo I) autorízase ao Concello de Cee a realizar as consultas e comprobacións necesarias para verificar os datos de identidade e o certificado de discapacidade.



## **Fase: Oposición.**

### **1.- PROBA PRÁCTICA. OBRIGATORIA E ELIMINATORIA.**

Proba de coñecemento práctico, obrigatoria e eliminatoria, que terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias da praza.

Consistirá na realización dunha ou dúas probas prácticas que o Tribunal proporá aos aspirantes. O Tribunal terá plena liberdade en canto á elección das tarefas para realizar en cada unha das probas prácticas, co fin de garantir a máxima adecuación ao contido do posto de traballo, así como en relación aos criterios de puntuación e valoración da mesma.

As probas prácticas, que estarán relacionadas cos labores para desempeñar do posto de traballo segundo o temario de referencia do Anexo II destas bases, serán expostas polo Tribunal inmediatamente ao comezo de cada unha delas.

**A valoración máxima total do exercicio práctico é de seis puntos** obténdose como a suma máxima da puntuación obtida en cada proba práctica, sendo necesario obter (entre todas as probas prácticas) un mínimo de tres puntos para superalo.

### **2.- PROBA COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO. OBRIGATORIA E ELIMINATORIA.**

Consistirá na realización dun ou varios exercicios (orais ou escritos) de acreditación de coñecementos do idioma galego a realizar nun tempo máximo de 30 minutos.

A valoración desta proba será de apto ou non apto.

Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan estar en posesión do título acreditativo de coñecemento da lingua galega.

Ao obxecto desta proba poderá incorporarse o persoal especializado que considerara necesario o tribunal.

### **DECIMO: Publicidade e desenvolvemento das probas.**

As resolución e anuncios relativos á celebración dos exercicios publicarase nos termos establecidos na base décimo segunda: Publicidade.

Os aspirantes deberán acudir ás probas na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo casos de forza maior, que teñan amparo nun precepto legal, debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal.

Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

Os resultados das diferentes probas publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal indicando, no seu caso, a lista de candidatos presentados e non presentados así como as diferentes puntuacións/valoracións obtidas. Se a proba ten carácter eliminatorio indicarse se o candidato queda eliminado.

Unha vez rematadas as probas, publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica as puntuacións totais acadadas, ordenando os candidatos de maior a menor por orde de puntuación e procederase a elevar proposta de contratación dos candidatos por orde de puntuación acadada no



proceso, comezando polo de maior puntuación, sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Se un aspirante rexeita a oferta de emprego entenderase que desiste do seu dereito e procederase a seleccionar ó seguinte aspirante segundo orde de puntuación.

A alcaldía resolverá o procedemento de selección mediante decreto que será publicado no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Cee na dirección (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>).

O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de **tres días hábiles** contados a partir da publicación da listaxe de persoas seleccionadas:

- Escrito de aceptación da oferta.
- Os orixinais/copias compulsadas da documentación valorada no proceso
- Fotocopia da cartilla da S.S.
- Número de conta bancaria cos 20 díxitos.
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada.

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

#### **UNDÉCIMO: Lista de reserva**

Na acta da selección, incluírase como lista de reservas, unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación

#### **DUODÉCIMO: Empate na orde de puntuación**

En caso de empate, a orde de puntuación dos candidatos establecerase como segue:

- 1.–Nota da fase de oposición.
- 2.–Nota da fase de concurso.
- 3.–Letra do primeiro apelido tomando como referencia o establecido na última resolución anual pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración del Estado (Orden de actuación dos aspirantes en probas selectivas).
- 4.- Sorteo

#### **DÉCIMO TERCEIRO: Adaptacións para persoas con discapacidade**



Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

#### **DÉCIMO CUARTO: Recursos.**

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público

#### **DÉCIMO QUINTO: ACLARACIONES**

Os aspirantes deberán estar en posesión de todos aqueles requisitos esixidos nestas bases o último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar e ter dispoñibilidade deles durante toda a contratación.

Salvo que se indique expresamente nestas bases os aspirantes deberán presentar tódolos datos persoais e profesionais que poidan ser obxecto de avaliación en cada praza concreta.

So serán obxecto de puntuación aqueles méritos que estean relacionados co posto de traballo obxecto do proceso de selección.

Cee, na data da sinatura electrónica.

Asdo. Margarita Lamela Louzán. Alcaldesa.



**ANEXO I**

<b>CONVOCATORIA: PROCESO DE SELECCIÓN "TR350E 2025 CONTRATACIÓN PERSOAS INSCRITAS NO SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL"</b>		
<b>DATOS PERSOAIS:</b>		
<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	
<b>DOMICILIO</b>		
<b>MUNICIPIO</b>	<b>PROVINCIA</b>	<b>CÓDIGO POSTAL</b>
<b>TELÉFONO</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	

**O asinante en relación ao concurso-oposición a que se refire a presente instancia declara:**

- Son certos os datos proporcionados nesta solicitude.
- Ten coñecemento e acepta na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo.
- Cumprir coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos no apartado quinto: Requisitos dos aspirantes.
- Que, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.
- Que non está separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- AUTORIZA  NON AUTORIZA ao Concello de Cee a que realice a consulta/comprobación dos datos do solicitante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025

**Sinatura**

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados a correspondente área / departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a mesma.

Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades como Órganos da Administración do Estado, a Órganos da Comunidade Autónoma, a outros Órganos da Administración Local e aos/as interesados/ as lexítimos/ as para levar a cabo a Xestión Administrativa que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 c) "o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento" e/ou no art. 6.1e) do RXP: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello.

Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigaóns legais que deriven do mesmo.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: **Concello de Cee** con enderezo en **Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee (A Coruña)** o a través de la sede electrónica <https://sede.cee.gal> .



**Concello de Cee**

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Tfno: 981 745 100  
correo@cee.gal  
www.cee.gal

Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo [dpd@cee.gal](mailto:dpd@cee.gal) ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello.

Podrá consultar información adicional y detallada sobre esta actividad de tratamiento, accediendo al siguiente enlace <https://cee.gal/es/privacidade/>



**Concello de Cee**

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Tfno: 981 745 100  
correo@cee.gal  
www.cee.gal

## ANEXO II

### TEMARIO

- Coñecementos básicos de normas de seguridade, de hixiene no traballo.
- Identificación de ferramentas e materiais.
- Conceptos xerais de albanería. Solado e alicatado. Encofrados e muros.
- Mantemento de edificios e mobiliario urbano. Pintura.
- Mantemento zonas verdes. Xardinería. Desbroce.